

SOCIOLINGÜÍSTICA

Departamento de lingua galega e literatura

IES Isaac Díaz Pardo

Curso 2020-2021



ÍNDICE

Tema 1.- Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.	3
Tema 2.- Historia da normativización: A construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.....	5
Tema 3.- O galego, lingua en vías de normalización.....	8
Tema 4.- O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.	11
Tema 5.- O galego de 1936 a 1978: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.	13
Tema 6.- O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.	14

Tema 1.- *Estereotipos e prexuizos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.*

A **Sociolingüística** é a disciplina que estuda **o uso das linguas** e analiza a relación entre estas e o medio social. Como ben sabemos, na meirande parte do mundo existe unha situación de convivencia de varias linguas nunha mesma comunidade humana, isto provoca un **conflito lingüístico** entre dúas linguas dentro desa sociedade, xa que compiten por asumir un maior número funcións sociais e de falantes, de maneira que o uso dunha lingua ou doutra constitúe un indicador simbólico da posición social. No noso caso, falar galego é algo máis que empregar un instrumento de comunicación: é un acto social no que, entre outras cousas, se pon de manifesto a vinculación a unha cultura, a un territorio... A convivencia das dúas linguas non é equilibrada, non somos unha sociedade bilingüe, facemos un uso **diglósico** delas, é dicir, distribúense xerarquicamente as funcións da lingua: **unha lingua A, para usos formais** e prestixiados, e **unha lingua B, para usos informais** e menos prestixiados.

O ser humano bota man de **estereotipos** ou categorizacións que nos facilitan a comprensión do mundo que nos rodea, os estereotipos non teñen por que ser negativos (o lobo= o malo, escuro, enganoso nos contos infantís, un hipster= persoa nova de clase media-alta asociados a tendencias culturais independentes, alternativas o alonxadas das predominantes, a posicións políticas progresistas ou de esquerdas, ao consumo de alimentos orgánicos, produtos artesanais e roupa de segunda man).

Cando facemos un mal uso dos estereotipos, estes convértense en **prexuizos** (muller loira= persoa tonta e superficial). No referente ás linguas, un **prexuízo lingüístico** é unha valoración negativa baseada en ideas erradas ou no descoñecemento do que se xulga, por exemplo: non recoñecer a existencia de excepcións (hai amplos grupos urbanos galegofalantes e xente cun alto nivel sociocultural que fala galego) e traen como consecuencia actitudes e comportamentos negativos. Os prexuizos non son innatos, aprendémolos coa socialización, sobre todo na infancia e na adolescencia, nos ámbitos familiares, na educación, nos medios de comunicación e nos grupos de iguais; e transmitense a través do discurso e das condutas.

A **orixe** dos prexuizos lingüísticos está na marxinación que o galego viviu durante séculos (dende o século XV, Séculos Escuros), isto provocou en nós un complexo de inferioridade e **autoodio** que nos conduciu a un rexeitamento e **minusvaloración** dos nosos propios sinais de identidade e o que é máis grave: a un **uso diglósico** da lingua minorizada e a unha **ruptura da transmisión xeracional** da nosa lingua.

Os prexuizos van evolucionando xunto coa sociedade, por iso distinguimos:

1. **Prexuizos vellos** que se formaron a partir do século XV do tipo:

galego= incultura= rural= atraso
castelán=cultura= urbano=progreso

Dentro destes prexuízos tradicionais hainos de moi diversa índole:

- a) Prexuízos estéticos: fan referencia á presunta eufonía ou cacofonía do idioma, *“o galego é unha lingua bruta e malsoante”*; *“a gheada soa mal”*, e algún falsamente positivo do tipo: *“o galego é unha lingua doce e agarimosa”*, *“os chistes en galego son máis gratiosos”*. As linguas non son brutas, nin doces... en todo caso serao a persoa que a fale.
- b) Prexuízos socioeconómicos: atribúen un determinado estatus ou posibilidades económicas en función da lingua, *“o galego é unha lingua de pobres”* *“o uso do galego é un atranco á hora de atopar traballo”*, *“co galego non se vai a ningunha parte fóra de Galicia”*. No mundo actual é importante ser competente en varias linguas, o coñecemento do galego abre portas no mundo laboral dentro e mesmo fóra de Galicia.
- c) Prexuízos socioculturais: relacionan o uso do galego coa incultura e a falta de educación, de todos os prexuízos tradicionais, estes son os que sufriron unha regresión máis importante, pero aínda hai xente que opina que *“é de mala educación contestar en galego cando che falan en castelán”* ou *“que as matemáticas e a química son máis difíciles en galego”* ou *“que nunca se consolidará o rock en galego porque non é apropiado para este tipo de música”*

Os estudos realizados nos último anos, indican, felizmente, que estes prexuízos tradicionais van retrocedendo, porén, no seu lugar nacen outros novos:

2. Prexuízos novos

- + **Cara a normalización do galego:** rexeitamento a que se protexa ou potencie o uso do galego, porque o consideran unha imposición e unha *“discriminación do castelán”*.
- + **Cara aos falantes que non se adaptan ao perfil social tradicional:** non son da aldea, son urbanitas, viven nas cidades, son xente nova e ademais cultos e sobradamente formados. Esta xente nova que decide falar galego enfróntase a estigmas do tipo: *“son unos radicales”* *“buscan llamar la atención y tienen afán de notoriedad”* ou *“adoptan una pose intelectual”*.
- + **Cara á competencia do falante** para empregar o galego: moitas persoas non teñen os prexuízos citados, pero empregan habitualmente o castelán porque desconfían das súas competencias lingüísticas en galego: *“yo no hablo gallego porque no lo hablo bien”*. Nos últimos datos da enquisa do IGE (Instituto Galego de Estatística) de 2019 recóllese que entre os menores de 30 anos: o 74% ten un dominio alto do galego, o 21% ten un dominio medio e un 4% un dominio baixo, deducimos que a xente nova

non fala galego, non porque non saiba, senón porque non ten contextos coloquiais onde falalo.

- ✚ **Cara á estandarización** do idioma: consideran que a “*variedade estándar da lingua é artificial* , só vale o galego natural, espontáneo”. O galego, igual ca todas as linguas, necesita unha variedade estándar superadora das variedades diatópicas, diastráticas e diafásicas.

Estes prexuízos repercuten nos usos, tanto, que os datos da **enquisa** realizada polo **IGE en 2019** revelan unha situación alarmante para a supervivencia do galego: o 30% dos rapaces/as entre 5-15 anos non saben escribir en galego e o 24% afirma non saber falalo. Revela ademais unha perda de falantes no ámbito urbano, diglosia nas relacións sociais e unha baixada do uso do galego en servizos: docentes, sanitarios, bancarios e comerciais. Iso si, unha alta porcentaxe da poboación galega mostra a vontade de manter o idioma, pero para poder mantelo debemos comezar por eliminar estes prexuízos e reverter os hábitos nos que estamos instalados para que a regaleguización sexa realmente relevante e xeneralizada.

(1013 palabras)

Tema 2.- *Historia da normativización: A construción da variedade estándar.*

Interferencias e desviacións da norma.

Entendemos por **normativización** dun idioma a regulación do tipo de idioma a empregar, é dicir, unha variedade unificada, común a todos os seus falantes. Está estreitamente emparellada coa súa **normalización**, coa súa implantación xeral na sociedade. O proceso de normativización ou estandarización lingüística ten a súa plasmación concreta na determinación dunha ortografía, unha gramática e un dicionario do idioma.

O galego, lingua de reis e dos cancioneros medievais, viuse sometido dende o século XVI a unha situación diglósica que o reduciu a ser unha lingua oral, experimentou un proceso de deterioro do seu sistema lingüístico, alterado pola intromisión do castelán e asistiu a unha disolución da súa unidade básica ao carecer dun referente culto que servise como modelo uniformizador. As consecuencias disto foron a castelanización e a dialectalización do idioma. A maioría das linguas romances fixeron este labor de **normativización** durante o século XV, cando o galego comezara xa a sufrir o proceso de minorización, convertida só na lingua oral do pobo, polo que a nosa lingua non emprendeu esa tarefa –imprescindíbel para a súa **normalización social**- ata o s. XIX, cos autores do Rexurdimento.

Neste proceso de normativización podemos sinalar catro etapas:

- Galego popularizante** (ata fins do s. XIX: Rosalía, Curros...). Non existe realmente unha intención normativizadora (Pondal foi o único autor consciente da súa necesidade), utilizan o

galego oral no seu rexistro popular (o que se conservara), cheo de vulgarismos, castelanismos e dialectalismos.

b) **Galego enxebriante** (ata 1936: Irmandades da Fala...). Os autores comezan a sentir a necesidade dunha norma escrita e inclínanse por un modelo diferencialista, que marque distancias co castelán. As características máis salientábeis son:

- Busca dun galego supradialectal, non o dunha zona concreta.
- Eliminación de castelanismos, moi abundantes na fala
- O portugués é de algunha maneira o seu modelo de lingua culta na escrita.

c) **Galego protoestándar** (ata fins dos anos 1970: autores de Galaxia). Medra a conciencia da necesidade dun modelo culto que apoie a normalización do galego. Caracterízase sobre todo pola simplificación ortográfica (eliminación de apóstrofos, guións, acentos graves e circunflexos) e pola ortografía inspirada no castelán.

d) **Galego estándar** (ata a actualidade). O mellor coñecemento lingüístico (grazas ás investigacións e estudos universitarios) axuda a atopar solucións apropiadas para as interferencias e desviacións que aparecían nas etapas anteriores. En 1982 a RAG (Real Academia Galega) e o ILG (Instituto da Lingua Galega) aprobaron as *Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego*, levemente reformadas en 2003, son a norma culta oficial vixente na actualidade.

A oficialización dunha norma culta e estándar provocou en moitos falantes ao principio un certo rexeitamento ao consideraren a lingua da TVG, da Radio Galega e de outros medios como unha especie de "galego inventado, de laboratorio" co que non se sentían identificados. Mais toda lingua moderna ha de ter a súa norma culta que se usa nos rexistros máis formais, como o galego non a tiña polo seu uso unicamente oral foi necesario creala.

Nos últimos anos as ferramentas informáticas e a Internet supuxeron un importante avance na implantación da norma culta: correctores de lingua e dicionarios para procesadores de texto, navegadores, sistemas operativos (Android, Windows, Linux); tradutores automáticos, webs especializadas; cursos en liña; etc.

Existen dúas grandes tendencias no que se refire á normativización do galego. A **tendencia reintegracionista** propugna a aproximación do estándar galego ao do portugués de Lisboa. Fronte á postura reintegracionista, os partidarios da **normativa oficial**, sen negaren a existencia dun estreito parentesco e dunha fase común galego-portuguesa, defenden a identidade do galego como lingua autónoma e independente do portugués e toman como punto de partida o galego oral, depurado dos elementos espurios provocados pola convivencia desequilibrada co castelán.

A normativa representa o galego común ou estándar, que a través dunha gramática e dun dicionario normativos, fixa uns usos apropiados da lingua e exclúe as chamadas **desviacións da norma**:

Os **hipergaleguismos** ou **hiperenxebrismos** son formas creadas artificialmente por reacción diferencialista con relación ao castelán. Consiste en galeguizar aínda máis aquelas palabras que o galego comparte co castelán en virtude de falsas analoxías. É o caso de primaveira (por primavera), humán (por humano), gasoliña (por gasolina), labourar (por laborar), etc.

Os **vulgarismos** afectan case sempre á fonética e son propios do galego oral. Consiste na alteración do vocalismo ou consonantismo das palabras por cambio dun fonema por outro. É o caso de marmurar (por murmurar), probe (por pobre), espranza (por esperanza)...

Os **arcaísmos** son o resultado de querer depurar a lingua botando man de formas medievais para substituír palabras plenamente galegas, aínda que idénticas ou parecidas ao castelán. Algúns arcaísmos son: vegada (por vez), nascer (por nacer), tíduo (por título), etc.

Por outra banda, as linguas adoitan incorporar ao seu léxico termos procedentes doutras, que se coñecen por ese motivo co nome de préstamos. Hainos necesarios e aceptables que cobren lagoas léxicas que van xurdindo. Pero hai outros que son innecesarios xa que para o seu significado si existe unha palabra propia na lingua receptora. Estes últimos son os que se denominan **interferencias** e son debidos á presión sociocultural dunha lingua dominante. Na nosa lingua a maior parte das interferencias proceden do castelán (**castelanismos**), aínda que tamén veñen do inglés (anglicismos) e tamén do portugués (lusismos).

A peculiar convivencia, de matices diglósicos, entre galego e castelán determina que esta última se vexa máis protexida que o galego fronte ás interferencias e poida manter mellor a súa identidade lingüística. O grao e intensidade das **interferencias** varía segundo os individuos e as situacións, mais poden afectar a todos os planos da lingua:

- ✚ No plano **fónico**: Redución do sistema vocálico de 7 vogais a 5, eliminando a oposición entre semiabertas e semipechadas.
- ✚ No plano **morfolóxico**: cambio de xénero de determinados substantivos (*o ponte, *a sangue, *o leite, *o calor...), seguindo a norma castelá, confusión dos pronomes TE/CHE, uso de tempos verbais compostos.
- ✚ No plano **sintáctico**: incorrecta colocación dos pronomes átonos: *o sentía na alma (por sentíao na alma), *vou a contar un conto (por vou contar un conto)
- ✚ No plano **léxico** é onde máis abundan e responden a diferentes motivacións: prevalencia da palabra coincidente co castelán (comprar por *mercar*), restrición do significado, adoptando a palabra castelá para a realidade de maior prestixio (billa / *grifo), substitución da forma galega pola castelá (*arcilla por arxila, *tenedor (por garfo), *parexa

(por parella), *conexo (por coello) *boda (por voda), *atmósfera (por atmosfera)...

Dende o momento en que existe a variedade estándar dun idioma, esta adoita a converterse na variedade de máis prestixio e, en consecuencia influirán nas distintas variedades tradicionais (xeográficas e sociais). As dúas variedades poden coexistir sen problema nunha distribución axeitada de funcións. Mentres as tradicionais se utilizan en situacións comunicativas informais, á variedade estándar correspóndenlle as funcións públicas e formais e, por suposto, as escritas.

(1126 palabras)

Tema 3.- *O galego, lingua en vías de normalización.*

Actualmente existen no mundo unhas seis ou sete mil linguas. En canto ao número de falantes, as linguas máis estendidas son o chinés mandarín, o inglés, o hindí, o español, o ruso, o árabe, o portugués... Esta gran diversidade lingüística supón que non é posible identificar un estado= unha soa lingua, a maioría dos estados son multilingües, como o propio Estado español.

Consideramos **linguas minoritarias** aquelas que no territorio de seu teñen un número realmente reducido de falantes (o aragonés en Aragón, por exemplo). Pola contra, catalogamos como **linguas minorizadas** aquelas variedades lingüísticas de pequena extensión pero claramente maioritarias no seu territorio propio, que están sometidas a condicións sociais tales que ven restrinxidas as súas funcións de uso, é dicir, atópanse nunha situación de inferioridade ao ver restrinxidos os seus usos públicos (medios de comunicación, administración de Xustiza, vida comercial, publicidade, ensino, burocracia, liturxia...) e privados. A competencia desigual cunha ou varias linguas alleas de maior prestixio constitúe o factor básico desencadeante desta situación de **conflicto lingüístico**, ao negárense as condicións para desenvolverse con normalidade e facendo un uso diglósico: **lingua A**, de usos formais e prestixiados e unha **lingua B**, de usos informais e menos prestixiados.

O galego, un idioma que nunca perdeu a súa condición de **lingua maioritaria no seu territorio** propio, padeceu durante séculos unha marxinación que o mantivo afastado dos usos institucionais e oficiais e relegado a condición de lingua oral familiar, situación que o converteu en **lingua minorizada**. As dúas saídas posibles a esta situación de conflito lingüístico son:

✚ A **substitución lingüística** que o galego desapareza.

- ✚ A **normalización lingüística**, é dicir, o establecemento de medidas políticas, legais, sociais e lingüísticas que teñen como obxectivo o uso normal dunha lingua minorizada en todos os ámbitos (educativo, académico-científico, sociocultural, laboral etc.) e a recuperación de todas as funcións sociais da lingua (función de identidade, familiar, laboral, local, institucional, cultural e internacional).

Denominamos, polo tanto, **normalización lingüística** o proceso de adquisición por parte do galego de funcións e ámbitos de uso e recuperación daqueles que lle foron usurpados polo castelán dende finais da Idade Media. Esta situación de anormalidade lingüística do galego durante máis de cinco séculos non lle afectou tanto ao número de falantes (o galego continúa hoxe en día sendo a lingua máis falada na nosa comunidade), como á súa consideración social e ao seu desenvolvemento nos ámbitos máis prestixiosos.

O proceso de recuperación dos ámbitos de prestixio para o galego comezou xa no Rexurdimento, continuou no século XX, na preguerra (Irmandades da Fala...) e incluso durante a ditadura franquista axentes sociais e culturais reivindicaron o idioma, pero será no último cuarto do século XX cando se inicia este proceso de recuperación institucional.

O actual marco legal: **Constitución de 1978, Estatuto de Autonomía (1981), Lei de Normalización Lingüística (1983)** e o último e máis ambicioso: **Plan Xeral de Normalización Lingüística, 2004** (aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia, propón medidas para potenciar a nosa lingua en distintos ámbitos sociais: administración; a educación, a familia e a mocidade; os medios de comunicación e as industrias culturais, a economía; a proxección exterior da lingua...; pero foron moi escasas as iniciativas desenvolvidas desde a súa aprobación) sentan as bases que poden conducir á recuperación e á normalización da lingua mais cómpre a intervención dos diferentes sectores sociais:

a) Acción institucional do poder político.

Levada a cabo polas Administracións públicas de Galicia (Xunta, Concellos e Deputacións), elementos indispensables no proceso de normalización. A nivel gubernativo, o organismo que centraliza a acción normalizadora é na actualidade a **Secretaría Xeral de Política Lingüística** que depende da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, porén este organismo focalizou a súa actividade só no ámbito educativo, deixando os outros ámbitos nun plano moi secundario, polo tanto moi pouco efectiva para unha normalización xeral e eficaz da nosa lingua.

b) Acción colectiva non institucional.

Exercida por asociacións e colectivos (Nova Escola Galega, Asociación de Funcionarios da Administración pública, Mesa pola Normalización Lingüística, Pro Lingua, Queremos Galego ...) xoga un papel importante na recuperación lingüística fronte ás eivas e esquecementos dos integrantes do grupo anterior: a acción institucional.

c) Acción individual.

Supón un esforzo persoal e consciente para romper hábitos e condutas de desleixamento

cara á situación social do idioma. Esta acción resulta claramente insuficiente sen o apoio dos grupos anteriores.

Para conseguir o éxito destas accións, é necesario un proceso de dinamización co obxecto de favorecer comportamentos positivos cara ao idioma: promover unha visión moderna, afábel e útil da lingua que desfaga os prexuízos e que reforce a estima e a demanda do uso do galego; implicando activamente a colectivos e individuos a través de medidas que promovan o uso da lingua e conciencien e sensibilicen os axentes sociais, producindo un cambio de actitude na sociedade. Hai quen ve unha saída na pertenza do galego á comunidade **lusófona**, pola orixe común do galego e do portugués que nos permitiría comunicarnos cos falantes (200 millóns) da sexta lingua máis falada no mundo.

O proceso está agora nun momento decisivo. Nunca, desde a Idade Media, o galego dispuxo de tantas armas: oficialidade, mellora na consideración social, presenza no ensino e na cultura (aínda que nos últimos anos están desaparecendo case todas as axudas oficiais, neste momento as institucións públicas deixaron de exercer o seu papel legal de impulsoras da normalización). Pero, por outro lado, nunca o perigo de substitución foi tan claro: ausencia importante de transmisión xeracional (que foi a que garantiu a vitalidade da nosa lingua ao longo dos séculos, a pesar da súa situación de minorización), presenza mínima nos medios de comunicación de masas...

A cultura agraria e mariñeira, que foi a que mantivo a lingua, está a desaparecer; aínda que está a medrar unha nova adhesión noutros ámbitos. Pero esta corrente regaleguizadora non compensa a perda progresiva de falantes. As conclusións do *Mapa Sociolingüístico de Galicia* revelan unha notoria mingua do monolingüismo en galego a medida que baixamos nos tramos de idade dos máis novos. Menos alentadores son os últimos datos da **enquisa do IGE do 2019**: o 30% dos rapaces/as entre 5-15 anos non saben escribir en galego e o 24% afirma non saber falalo, froito quizais do Decreto de Plurilingüismo para o ensino do 2010: 33% galego, 33% castelán, 33% inglés. Se esta dinámica continúa, a medio prazo, o galego pode converterse nunha lingua “ritual”. Só a lealdade lingüística, froito dun compromiso individual, pero tamén económico e social, poderá evitar que siga o proceso.

A esperanza para a supervivencia da nosa lingua está na xente nova: as potencialidades das **xeracións máis novas** para regaleguizárense e **culminaren o proceso de normalización** son enormes. É urxente que as institucións e os axentes sociais favorezan a regaleguización, de xeito que as capacidades (dominio das catro destrezas: entender, falar, ler e escribir que posúides grazas ao sistema educativo en galego) se poidan traducir en uso efectivo do galego. Como facelo? creando modelos socioculturais (pensamento, estética, música, deportes...) e contextos de socialización que permitan á xente nova desenvolverse no idioma que aprecian e que lle é propio. Deste xeito, o futuro do galego estará garantido e as galegas

e os galegos do século XXI seguiremos enriquecendo o mundo plural desde a nosa identidade

(1197 palabras)

Os temas 4, 5 e 6 comparten o primeiro parágrafo de presentación.

HISTORIA DA LINGUA: SÉCULOS XX E XXI.

Ao longo do século XX foise consolidando o proceso de normalización da lingua galega ao acceder a novos ámbitos de uso que ata ese momento lle estaban vedados: ensaio, narrativa, actos públicos, ensino, administración pública, correspondencia privada... En termos xerais, a consideración pública acerca do galego foi mellorando pouco a pouco ata acadar nestes últimos anos o recoñecemento oficial como lingua propia de Galicia. Con todo, existen notables diferenzas no transcorrer do século XX e na actualidade os datos de galegofalantes monolingües en galego e as porcentaxes do seu uso en termos absolutos determinan, cando menos, unha certa preocupación en canto á supervivencia da nosa lingua.

Tema 4.- O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

Neste período que vai dende o 1900 ata a Guerra Civil de 1936/39, continúaase o labor dignificador da lingua galega iniciado no século anterior grazas a unha serie de iniciativas orientadas a superar os moitos atrancos cos que se atopaba a cultura galega.

En 1906 fúndase a **Real Academia Galega** (RAG), unha iniciativa iniciada polos intelectuais decimonónicos e que se fará realidade a principios do século XX con dous claros obxectivos: a elaboración dun dicionario e unha gramática.

Coa aparición das **Irmandades da Fala** (1916) prodúcese un salto cualitativo no emprego do idioma a nivel cultural e o galego utilízase nos actos públicos, no xornalismo, no ensaio político, nos textos científicos... Creadas para a defensa, dignificación e cultivo do idioma, tiveron o seu momento cume en 1918 na celebración da “I Asemblea Nazionalista Galega” onde, sen abandonar o obxectivo lingüístico, formulan un plan máis amplo de recuperación política, social e económica de Galicia que se resume en dous grandes obxectivos: autonomía para Galicia e o galego lingua oficial.

En 1920 xorde en Ourense a **revista “Nós”**, integrada por Risco, Otero Pedrayo, Cuevillas, e que conta coa colaboración de Lousada Diéguez, Castelao e outros e que pretende servir de canle de expresión para a posta ao día e potenciación da cultura galega

ata entón moi localista e excesivamente marcada pola lírica, o ruralismo e o costumismo. Para actualizar, normalizar e universalizar a cultura galega, os homes de “Nós” acollen nas súas páxinas colaboracións de autores estranxeiros, traducións, informacións e noticias do que se facía noutras literaturas, e ademais tamén se preocupaban da arqueoloxía, antropoloxía, filosofía, música..., demostrando na práctica a validez do galego para todo tipo de ámbitos, algúns dos cales lle estaban totalmente vedados como o ensaio, a lección universitaria, o discurso político, o tratado científico, a tribuna oratoria...

Precisamente, coa creación en **1923 do Seminario de Estudos Galegos** vaise potenciar o uso do galego na prosa científica e técnica. O Seminario vai poñer de manifesto a preocupación dun sector do mundo universitario por Galicia, que será obxecto de investigación como fenómeno natural, histórico, social, político, cultural, etc.

Coa instauración da República (1931), o galeguismo vaise reagrupar en torno ao *Partido Galeguista* que pretenderá conseguir a autodeterminación política para Galicia, e que se verá materializada na elaboración do **Estatuto de Autonomía do 1936**, que recollía no seu articulado a cooficialidade de galego e castelán na Administración e un ensino bilingüe nas escolas primarias que en niveis superiores se centraba en impartir Lingua, Historia e Literatura Galegas. Por vez primeira, despois de catro séculos, o galego parecía recuperar algunhas cotas de oficialidade.

Desta etapa podemos destacar algúns estudos lingüísticos, entre outros: *Dicionario galego castelán* (1928) de Leandro Carré Alvarellos e *Gramática do idioma galego* (1922) de Manuel Lugo Freire.

Non obstante, esta rehabilitación social do idioma coincide cunha perda porcentual de falantes monolingües en galego e o inicio dunha extensión social da **diglosia**. Por unha banda, o sistema de ensino que emprega o castelán como lingua única e que reprime o galego en calquera situación escolar. Por outra banda, a sangría da emigración levou fóra de Galicia a milleiros de persoas que tiñan o galego como lingua inicial. Estas circunstancias, xunto co transvasamento demográfico do rural ao urbano provoca que o proceso de recuperación de ámbitos de uso iniciados a principios de século se vexa seriamente danado. A **nivel lingüístico**, o contacto co galego medieval a raíz das edicións e publicacións de documentos, cantigas e textos en prosa unido ao desexo de depuración e á necesidade de cubrir os baleiros léxicos do galego patrimonial levaron a que, cada vez máis frecuentemente, aparecesen formas arcaicas. Tamén se produce un achegamento ao portugués a onde se van buscar as referencias para a solución de problemas léxicos ou morfolóxicos. Así, o galego dos escritores deste primeiro terzo do século é un galego que a penas está marcado dialectalmente e no que se adoptan solucións tomadas da tradición literaria ou ben restauradas do portugués, o que dará orixe a numerosos **arcaísmos** e **lusismos**. Por outra banda, o diferencialismo en relación co castelán e a busca da pureza idiomática provocarán os **hipergaleguismos** e a pseudoevolución, configurando dese xeito un galego afastado da

práctica falada normal, arbitrario e como de laboratorio, hoxe coñecemos este período como **galego enxebrista ou diferencialista**, que continuará con certa vixencia posteriormente á Guerra Civil.

(722 palabras)

Tema 5.- O galego de 1936 a 1978: características lingüísticas fundamentais.

Contexto histórico e situación sociolingüística.

A partir do ano 1939, finalizada a guerra civil, iníciase en Galicia, unha vez máis, un período de interrupción das actividades culturais e lingüísticas propias. A nova orde imposta caracterízase pola represión de todo aquilo que supoña un feito diferencial tanto a nivel político, como cultural ou lingüístico. A igrexa, a escola, a Administración pública, os medios de comunicación... van empregar exclusivamente o castelán. Galicia somérxese nun silencio profundo e o galego convértese nunha **lingua clandestina** no ámbito público e pouco a pouco vai ir perdendo prestixio social e, por suposto, ámbitos de uso que non sexan os exclusivamente familiares.

Prosegue o proceso de substitución lingüística durante os anos da ditadura a pesar da superioridade demográfica da lingua galega, pois **a maioría da poboación** segue a ser **monolingüe en galego** ou bilingüe galego-castelán. Non obstante, vanse afianzando os **prexuízos lingüísticos** que levarán ao galego á consideración de lingua inferior. A transmisión do galego como lingua materna vai ir diminuindo na medida en que se produce a integración dos individuos de procedencia rural nas áreas urbanas e os seus fillos van ser escolarizados nun sistema lingüisticamente homoxeneizador.

Entre 1936 e 1950, anos da máis dura e pechada etapa do franquismo, a penas se publican libros en galego. Sen editoriais, mortos, silenciados ou exiliados os galeguistas a Galicia territorial cede a súa palabra á **Galicia Americana**: editoriais (Galiza, Nova, Citania...), reedición e edición de libros, conferencias, publicacións periódicas, emisións de radio, representacións teatrais, actos cívicos... converten Bos Aires na capital cultural e espiritual de Galicia.

No ano **1950**, un grupo de galeguistas entre os que se encontraban Ramón Piñeiro, Otero Pedrayo, Fernández del Riego, Ferro Couselo e outros, nace a **editorial Galaxia**, que axiña se converterá nun dos principais instrumentos da recuperación cultural galega. Outras empresas literarias destacables son a revista *Grial*, a colección de poesía *Benito Soto* (dirixida por Celso Emilio Ferreiro), a colección *Xistral* en Lugo e o suplemento literario do diario compostelán *La Noche*.

Galicia vai recuperando pouco a pouco a súa voz e xorden arredor dos anos sesenta diferentes institucións e **asociacións culturais** (*O Facho*, na Coruña; *O Galo*, en Santiago de Compostela; a *Asociación Cultural de Vigo*; *Agrupación Cultural Auriense*, en Ourense, e *Agrupación Cultural Abrente*, de Ribadavia) que se empeñan no traballo de recuperación lingüística e cultural, de afirmación da personalidade nacional e de resistencia fronte ao franquismo. A **contestación política** ao réxime franquista reactivase coa fundación da UPG (Unión do Pobo Galego) en 1964 e o Partido Socialista Galego (1965) que representan un novo galeguismo que reclama o dereito á autodeterminación e adopta unha defensa decidida da lingua galega, denunciando o bilingüismo e establecendo o galego como lingua oficial de Galicia.

En 1963, co gallo do centenario da publicación de *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro, a Real Academia Galega institúe a efeméride das **Letras Galegas** cada 17 de maio. No ano 1965 a lingua e literatura galegas entran nos plans de estudo da **Universidade de Santiago**, sendo o primeiro catedrático Ricardo Carballo Calero, quen publica en 1966 o importante estudo lingüístico *Gramática elemental del gallego común*. De significación semellante é o *Diccionario galego castelán* (1968) de Xosé Luís Franco Grande. En 1971 créase o **Instituto da Lingua Galega**, organismo universitario que irá participando activamente na definición da norma culta do galego moderno.

Mais, malia todos os atrancos, o **galego** segue sendo, no ano 1975, a **lingua maioritaria** do país (75-80%).

No camiño de busca dunha norma culta, dámoslle a este período o nome de **protoestándar**: aumenta a conciencia da súa necesidade, e podemos caracterizalo polo desexo de simplificación ortográfica (eliminación de guións e apóstrofes) e de depuración léxica (rexeitamento de castelanismos, incorporación de neoloxismos e cultismos...)

(613 palabras)

Tema 6.- *O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características*

lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

Morto Franco (1975) e instaurada, despois da transición política, unha democracia parlamentaria (Constitución de 1978), Galicia dótese dun Estatuto de Autonomía (1981) e de institucións propias como a Xunta de Galicia e o Parlamento. A situación do idioma vai estar, a partir de aí, definida polo marco xurídico-legal que emana da Constitución, do Estatuto e das leis do Parlamento de Galicia.

Cualitativamente está hoxe presente en ámbitos anteriormente impensables: é moi utilizado nas actividades políticas, institucionais, universitarias e culturais. Mesmo parece que o seu uso comercial comeza a ser economicamente rendible e prestixia certos produtos. Cada vez un maior número de profesionais liberais o utiliza normalmente. Neste século XXI temos que ter en conta o seu uso na internet pois a lingua que quede fóra dela non ten futuro. Hai moitas webs, foros, chats, blogs nos que é frecuente o galego. Temos tradutores, correctores ortográficos en galego, ademais de Android, Windows, Facebook, Twitter... As compañías de telefonía móbil ofertan terminais en galego.

Mais a pesar desta presenza semella que aínda se está lonxe de conseguir a recuperación total do idioma.

A calidade de utilización do galego mellorou moito a partir dos anos setenta: Na busca dunha norma escrita, entramos na **fase do galego estándar**; ao haber un estudo sistemático da lingua pódese fixar con maior coñecemento unha norma culta, da que se van **eliminando dialectalismos, arcaísmos e hiperenxebrismos**, seguindo o camiño xa emprendido na etapa anterior, ao tempo que se adapta á nova situación social (máis ámbitos de uso) e académica (vehículo para outras materias).

Ademais do xa iniciado en anos anteriores, a creación do Departamento de Lingüística e Literatura Galegas na Universidade, así como a publicación de gramáticas e manuais de aprendizaxe, os cursos de galego promovidos por diferentes entidades e, en xeral, a maior preocupación tanto individual como colectiva pola calidade do galego empregado, contribuíron notablemente a aumentar o nivel de corrección da lingua.

En 1982, froito do acordo entre a Real Academia Galega e mais o Instituto da Lingua Galega, publícanse as **Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego** que definen o estándar da lingua contemporánea e que a Xunta de Galicia adoptou como oficiais. Aínda que a aceptación desta normativa non foi unánime e existe por parte de determinados colectivos unha oposición que se traduce na aparición doutros sistemas ortográficos e morfolóxicos de carácter reintegracionista, o certo é que dende a revisión das normas no 2003, este rexeitamento é mínimo.

No ano **1983** promúlgase a **Lei de Normalización Lingüística**, que vai a supoñer entre outras cousas a incorporación da Lingua Galega ao sistema educativo oficial, o cal supón un fito histórico xa que por vez primeira os galegos comezan a ser alfabetizados sistematicamente na propia lingua. No ano **2004** apróbase por unanimidade no Parlamento galego o **Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega**, documento que diseña actuacións de promoción e defensa do idioma para o converter en lingua de uso normal en Galicia: 445 medidas destinadas a potenciar o galego. En setembro de 2005 o Consello de Europa recomenda que en Galicia o ensino sexa “principalmente en galego”. No curso 2007-2008 entra en vigor o decreto que establece que en Primaria e ESO polo menos o 50% das materias sexan en galego. En **2010** un **novo decreto de plurilingüismo** reduce a presenza

do galego e pretende introducir como lingua vehicular do ensino o inglés: 33% en galego, 33% en castelán e 33% en inglés.

Malia estes cambios, a situación social da lingua galega nestes últimos anos non sufriu grandes cambios. O galego segue a perder falantes iniciais e habituais, e tampouco consegue desterrar vellos e novos estereotipos lingüísticos negativos que fan que o seu uso habitual, sobre todo nos máis novos, diminúa día a día. O galego abálase hoxe entre **o positivo dos avances** que se acadaron (en 2014 o galego ocupaba por número de falantes o posto 136 entre as linguas do mundo, o 49 por libros traducidos, o 37 por páxinas de Internet, o 26 por uso nas redes sociais) e **a preocupante persistencia de síntomas moi negativos para o futuro da lingua**. Na situación de conflito lingüístico que aínda estamos a vivir, de non cambiar as tendencias, o galego pode chegar a desaparecer, aínda que por outra banda, a nosa lingua xa superou ao longo da súa historia outras situacións desfavorables máis complexas.

(722 palabras)